

# [up / in the air]

historia dun traxecto en avión / a belgrado



papá / cambio

que dis a túa neta que non se parece a ti / cambio

que ela

que ela non ten nada que nos ver co señor da foto / cambio

que ela nunca soubo / cambio

e sen sabelo dime o que dirías ti

co mesmo ton e sorriso con que ti o dirías / cambio

papá / cambio

como cando xogabas a non estar entre as teselas da miña infancia / cambio

como agora non estás non pouco / cambio

entre a xenética que me amamanta / cambio

como agora te baralla ela / cambio

a túa neta / cambio

entre os pregues

do sorriso

do seu sarcasmo

cambio

do teu sarcasmo / cambio

papá / cambio

papá / cambio



rompeches a radio definitiva / mente na véspera de nadal  
non nos dera tempo a compramos bois

de todas formas / cambio  
non medrara a fame para a cea

morreran xa  
tres estacións a desprezar os doces / cambio  
a valorar as sobremesas / cambio  
a rexelas

rompeunos a radio / cambio  
ou esgotou a batería  
todo / daba / igual

ninguén desconxelou os lagostinos

miñas irmás fixeron unha tortilla  
e sopa fría

comemos xuntos todos / cambio  
comemos xuntos todos / menos ti



O aeroporto de Zurich ofrece bocadillos a dez euros

A fame é gratis

O metro cúbico de auga a seis mil

/

pregúntome como saberían os emparedados que che daba o mar das malvinas

os mil catrocentos billóns de metros cúbicos de moira ansiosa por un abrazo

e se mamá pensaba en ti cando mordías a tortilla

e te refundabas en alcrique con aceite de motor

/

pregúntome se túa neta pensará de min o que matino eu do aire

pregúntome se habería alguén a recoller as crebas deste avión



Nós subimos ao avión

Máis ben baixamos polo finger dun espazo sepulcral

Deixemos o vocábulo embarcar para subir aos barcos

Os ingleses sobordan

Os ingleses abordan coma bos piratas

Subimos ou algo, ou digo, ou ocupamos

/

tamén había ingleses nas illas flakland ademais de ovellas

nunca deixaron de ser piratas

coma nós

coma nós nós

coma piratas

coma nós nós a pastorear a pescada e o lagostino

pregúntome como pronunciabas pescada pirata ovella lagostino

pregúntome como pronunciabas puerto soledad

pregúntome como pronunciabas falkland

se pronunciabas falkland fakland ou fuckland

porque eu sempre che escoitei malvinas

/

pregúntome se túa neta pronunciará o nome deste avión que me afasta dela

mentres se rompen os abrazos das moléculas

[impúlsanme os abrazos rotos das moléculas]

pregúntome se túa neta pronunciará moléculas

ou se saberá da química que me queima cada vez que arde o queroseno da súa infancia

pregúntome que soubeches ti da miña infancia



Alguén barallou e repartiu asentos novos

Os tres máis grandes do avión semellamos siameses

Barallar, o carballo

Azar, o carballo

Distribución equilibrada do peso durante o voo, o carballo

vinte e nove,

ou a tona

/

pregúntome quen che barallou a ti as cartas

para que che tocasse puntarenas puerto madryn capetón

pregúntome se capetón será un lugar fantástico na mente dos fillos orfos das nais sen vida

devezo por voar a capetón

/

E despegamos



Valeria Luiselli escribiu tres novelas e barallounas tamén  
Despois ao todo nomeouno ingrátidos  
Pregúntome se a escritora é tan grande como semella  
E se escribe con dous serbios apegados  
Ou se xoga ao balonmán  
Coa equilibrada distribución do peso  
dun airbús atresvinte que só entende o serbio e o croata  
Mirarei na internete as diferenzas entre o serbio e o croata  
Neste momento non ten vostede conexión

/

pregúntome o que sentiches ao subir a xibraltar  
pregúntome se algunha vez estiveches en xibraltar  
ou se estabas ti cando eu subía  
varias infancia despois de que morreras

/

houbo unha infancia despois de que morreras

/

pregúntome se algunha vez virás comigo a bicar baleas en valdés  
a súa escala volcánica e deserta  
o marcar arteiro o mercurio da terra  
pregúntome se algunha vez estarei en valdés  
e a quen se abrazará por min a túa neta



lembro que saímos de mal humor  
que a túa neta non quere pasear  
que vai sol pero que o sol non quenta  
que o inverno revolveu a praia  
lembro a area branda e escorada  
lembro que non distingo se a marea sobe ou a marea baixa  
pero ela si  
pregúntolle como é que o sabe e ri de min  
río de min  
ela é quen de saber do pensamento da marea  
pero dálle medo de que as ondas lle agatuñen polos pés  
os dous xogamos a esquivalas  
as vagas císcanlle as pisadas pola area  
e imprímeas en min  
para sempre  
coa súa risa  
/  
lembro que a ti non che gustaba a praia  
que non querías mar fóra do mar  
nós eramos a marea  
marea de ti





amence  
e ascendemos  
despegamos  
saímos e lanzámonos contra o horizonte que nos persegue  
contra a negra cortina que nos cobre e nos descobre  
cada día un novo día  
perderemos dúas horas que nos serán devoltas ao volver  
se é que volvemos  
para mirar o horizonte deste mar que foxe para amencer  
e amence

/

pregúntome cantos amenceres perdiches a través das túas pupilas de boi  
ou se notabas o chocar dos días novos pousando as liñas da vida nos mamparos  
ou se a calor eran errepeemes  
ou formigas de ruído a agatuñar polo intersticio do ferro  
pregúntome se tocabas o ferro  
papá  
e nos notabas a nós  
do outro lado do mundo